

---

**Xosé Manuel Sánchez Rei: *Lingua galega e variación dialectal*. A Coruña, Laiovento, 2011, 662 páxinas.**

---

As circunstancias sociais e políticas en que transcorreu a historia da lingua galega provocaron un desenvolvemento exíguo e tardío da súa tradición filolóxico-gramatical. E embora existan aproximacións lingüísticas de certo rigor desde a segunda metade do século XIX, como a de Saco Arce (1868), haberá que agardar ás últimas décadas do século XX –en que se establece o carácter cooficial do galego– para que comece a aflorar un grande número de traballos serios e científicos que estudan a lingua galega desde as diversas esferas da descrición filolóxica e que a sitúan ao mesmo nivel que outras linguas romances, normalizadas en épocas moito anteriores. Neste contexto, cómpre salientarmos o volume *Lingua galega e variación dialectal*, publicado por Laiovento en 2011 e da autoría de Xosé Manuel Sánchez Rei. A obra enmárcase na esfera do variacionismo dialectal, unha área de investigación de grande rendibilidade na lingüística galega, como así o demostra a publicación do *Atlas Lingüístico Galego* (ILG 1990-2005) en diversos volumes ou a *Dialectoloxía da lingua galega* (1990) de Fernández Rei. No entanto, concordamos con Freixeiro Mato (2011) en que a monografía que estamos a recensionar é innovadora e non repite, mais complementa, os antecitados traballos, ao se aproximar da descrición dialectal desde unha perspectiva teórica; por tanto, contribúe para encher un baleiro existente nos estudos dialectolóxicos galegos.

Esta obra, fundamentada na reflexión e na práctica docente do autor, constitúe un traballo teórico rigoroso que focaliza a súa atención na dialectoloxía sincrónica da lingua galega, se ben que ao longo das súas páxinas ofrece tamén múltiples referencias sobre o resto das variedades que enforman o sistema lingüístico galego-portugués. O volume está estruturado nas seguintes seccións: após as listaxes de abreviaturas, símbolos e figuras (9-17) e o “limiar” (19-25), achamos o primeiro capítulo sob o título “A variación lingüística” (27-144) que, xunto co segundo, “Lingua e dialecto” (145-227), introduce aspectos xerais do variacionismo a funcionaren ambos como preludio á parte central do texto. Esta, por súa vez, está constituída por tres grandes epígrafes: o terceiro capítulo “A dialectoloxía” (229-387), en que se aborda esta disciplina desde unha focaxe teórica e metodolóxica; o cuarto, “Tipoloxía de dialectalismos e a súa transcendencia” (389-463), onde Sánchez Rei analiza os diversos parámetros desde os que nos achegarmos ao variacionismo e a súa incidencia; e o quinto, “Dialectoloxía, filoloxía e lingüística” (465-580), sección en que se poñen en relevo as ligazóns existentes entre a dialectoloxía e as outras áreas de investigación sobre a lingua galega. O sexto capítulo, “Conclusións” (581-602), permite ao autor sintetizar elocuentemente as ideas máis destacadas que se foron vertendo ao

longo das case seiscentas páxinas que preceden esta sección. A monografía remata coa “Bibliografía” (603-657), que cunha excelente selección de referencias pon en evidencia, máis unha vez, a calidade científica do texto.

Antes de analizarmos máis ao pormenor cada unha destas epígrafes, vira necesario sinalarmos algúns aspectos de carácter xeral que, do noso punto de vista, merecen especial atención. Nestes medios, xulgamos un acerto por parte do autor o equilibrio que presenta a organización do texto, dado que todas as seccións presentan dimensións similares. Isto torna, por unha banda, máis atractiva a lectura e, por outra, non impide evidenciar as partes a que se concede maior relevancia, que son resaltadas ao longo do texto a través de procedementos non exclusivamente formais. E, do mesmo modo, é preciso destacarmos as numerosas citacións en que se apoia Sánchez Rei para fundamentar, refutar ou matizar moitas das opinións e informacións que circulan polo texto. Igualmente, as citacións achegan tamén novos prismas que permiten ao público lector coñecer realidades ou experiencias similares ás tratadas nesta obra e que favorecen a formación dunha actitude crítica, neste caso, a respecto da variación dialectal. Así, para alén das 541 notas que figuran a rodapé, convén repararmos nas abundantes referencias bibliográficas presentes tamén no corpo do texto, o que vén a reforzar o seu rigor científico. En todo o caso, o que vira significativo é o diálogo que a través delas se establece coas principais obras de referencia neste campo. E, en último lugar, é preciso sinalarmos como máis un mérito da obra a súa calidade desde un punto de vista estritamente lingüístico. O autor utiliza un estilo coidado, libre de interferencias e fiel ás súas raíces, o que converte a súa lectura nun manual práctico sobre como utilizarmos un galego de calidade<sup>1</sup>.

Os capítulos 1 e 2 constitúen, como sinalamos anteriormente, unha introdución ao estudo da dialectoloxía. Así, o primeiro deles serve en grande medida para refutar moitos dos preconceptos que existen arredor das variedades dialectais, sobre todo no referente a linguas minorizadas como o galego, onde aínda constitúen verdadeiros obstáculos nos procesos de normalización<sup>2</sup>. O autor dedica estas páxinas iniciais a determinar as distintas variábeis que inflúen na complexidade de usos lingüísticos e, fronte a traballos máis clásicos –como o de Wenker para o alemán ou o de Jaberg para o italiano–, non só concede importancia ao factor xeográfico, mais tamén incorpora outros criterios, como o cronolóxico, o contextual, o cultural, o profesional e os relativos ao sexo, á idade ou á etnia, entre os máis relevantes. Nesta sección

---

1 Sobre este particular, convén salientarmos as obras de Freixeiro Mato (2009), Sanmartín Rei (2009) e Callón (2012), que inciden no uso dun modelo lingüístico libre de interferencias e afin ao sistema lingüístico de que o galego fai parte.

2 Con esta finalidade publicáronse nos últimos anos varios volumes como o de García Negro (2009), Núñez Singala (2009) e Costas González (2010), entre outros.

apunta tamén os condicionamentos internos e externos que teñen implicacións na variación lingüística. En relación con isto, cómpre resaltarmos a aproximación que Sánchez Rei realiza á teoría das ondas e á da difusión lexical, en tanto que hipóteses que permiten xustificarmos as mudanzas na lingua. A última epígrafe deste capítulo constitúe un exemplo claro da consideración social que ao longo do tempo e nas diversas sociedades existiu sobre o variacionismo, visto como un aspecto empobrecedor máis do que como proba que verifica a vitalidade e a riqueza das linguas.

Nunha liña similar debemos situar as reflexións que figuran no segundo capítulo, que afondan na sempre polémica distinción entre *lingua* e *dialecto*. Aquí o autor analiza as denominacións e as definicións utilizadas para describir ambos os termos, enumera algunhas das clasificacións e dos principios de referencia para a súa diferenciación e posiciónase sobre cales deses criterios cumpren na realidade o dito obxectivo. Outrosí, repara na repercusión que estes tiveron de cara á consideración social do galego. Mais, en última instancia, o que pon en relevo a súa análise é o feito de non existir unha visión universal que satisfaga todas estas interrogantes, pois a depender das variedades analizadas e da perspectiva desde a que nos aproximemos –gramatical, histórica, social etc.– comprobaremos que aquilo que nunha clasificación é válido, noutra carece de relevancia. E isto sen obviarmos outra serie de interferencias subxectivas, como os xuízos de valor que, en moitas ocasións, dificultan máis aínda un proceso de por si complexo. A este respecto, é preciso subliñarmos que o autor, tratando de non incorrer na mesma conxuntura, evita aqueles conceptos e definicións que, desde a esfera semántica, ofrecen unha visión preconceptuosa ou pouco precisa deste fenómeno. Así, concede preferencia ao termo *variedade* sobre *dialecto* e utiliza aquel para facer referencia ao uso de elementos lingüísticos diferentes que expresan unha mesma realidade debido a condicionamentos de tipo xeográfico, sociocultural, contextual etc.

O terceiro capítulo sérvelle ao autor para acotar máis a súa tese, pois centra a atención xa na definición da dialectoloxía, disciplina en que se enmarcan os estudos sobre o variacionismo lingüístico, e describíense as principais orientacións dos estudos dialectolóxicos desde os seus inicios até a actualidade. A panorámica histórica que se nos ofrece permite verificarmos a grande evolución desta área científica, tradicionalmente alicerzada no estudo das variedades xeográficas, e introdúcenos nas novas liñas de investigación que se están a desenvolver no presente: dialectoloxía sociolóxica, dialectoloxía filolóxica, etnolingüística, dialectoloxía rural ou urbana, dialectoloxía perceptiva etc. Neste sentido, Sánchez Rei reflicte tamén sobre as transformacións que se produciron no tocante ás cuestións metodolóxicas: desde os procedementos para a obtención de datos –os inquéritos, as gravacións, o modo en que se formulan as preguntas e as respostas–, o perfil de quen realiza o traballo de campo –graos de formación lingüística, actitudes e habilidades sociais etc.– ou

a propia selección dos informantes e as súas características –idade, procedencia, sexo, nivel de formación etc. –, até a selección de puntos ou a tipoloxía de mapas dialectais. Como é obvio, a escolla dunha ou doutra metodoloxía nas investigacións dialectolóxicas dependerá en grande medida da finalidade e dos medios de que se dispuxer. O capítulo conclúe cunha breve historia da dialectoloxía galega, en que se detecta, igual que para o resto das investigacións lingüísticas sobre a nosa lingua, un desenvolvemento serodio que non se consolida até o último cuartel do século XX.

Unha vez establecidos os parámetros en que se fundamenta a investigación dialectolóxica, o autor dedica as páxinas do cuarto capítulo a determinar as diferentes tipoloxías de dialectalismos que se detectan hodiernamente no galego. Nesta clasificación proxecta a súa atención exclusivamente sobre tres criterios: o cronolóxico, o xeográfico e o gramatical. Así, distingue entre fenómenos arcaicos e innovadores, variantes máis ou menos estendidas no territorio, dialectalismos fonéticos ou sintácticos etc. A catalogación de Sánchez Rei desatende outras variábeis, cal o sexo, o contexto ou o xénero, mais xulgamos que probabelmente foron as limitacións de espazo as que o obrigaron neste punto a centrar a súa análise nos xa sinalados. Con todo, o propio autor é consciente desta limitación e xa no limiar apunta para a necesidade de traballos posteriores en que se recollan tamén estoutros principios. En calquera caso, a súa análise permite identificarmos non só aquelas clases de dialectalismos máis coñecidas polo conxunto de galegofalantes, cal os lexicais ou de sotaque, mais tamén as que resultan menos perceptíbeis para un público lector sen formación lingüística especializada, como os fonéticos ou os morfosintácticos. E, do mesmo modo, tamén determina a diferente transcendencia que os diversos fenómenos dialectais posúen na configuración dunha lingua. O seseo e a gheada constitúen, neste sentido, unha mostra significativa, dado que nos aproximan e nos afastan, respectivamente, das outras variedades do sistema lingüístico galego-portugués.

A clasificación da variación dialectal dá paso ao derradeiro capítulo, o quinto, en que se poñen de manifesto as estreitas relacións existentes entre a dialectoloxía, a lingüística e a filoloxía, desmarcándose así daquelas posturas máis clásicas que as consideran como áreas de coñecemento isoladas e que, como salienta o propio autor, “pouco favoreceron o mutuo avance científico” (p. 23). En consecuencia, ao longo das seccións que enforman este capítulo podemos observar os vínculos que a dialectoloxía mantén con distintas disciplinas como a lingüística histórica e a onomástica, ou con diversas correntes lingüísticas cal o estruturalismo, o xenerativismo e os postulados valenciais<sup>3</sup>. O respecto pola diversidade lingüística e, por tanto, polas

---

3 Sobre este particular, convén sinalarmos igualmente que o autor de *Lingua galega e variación dialectal* é tamén un dos primeiros investigadores en introducir o modelo de análise dependencial no contexto da lingüística galega. Cfr. Sánchez Rei (2010).

variedades dialectais tamén pon en diálogo a dialectoloxía co ensino de linguas. A escola e, máis concretamente o profesorado de lingua, debe garantir a supervivencia das modalidades dialectais ao tempo que fomenta a aprendizaxe da variedade estandarizada. A obra ofrece, a este respecto, algunhas pautas que contribuirán para conseguir os antecitados obxectivos. Tamén nos parecen interesantes as ligazóns que o autor establece entre a dialectoloxía e a literatura, onde o significativo non é o atestamento de variedades dialectais nos textos, mais o seu aproveitamento temático, o que tamén podería ser utilizado desde unha perspectiva didáctica. Nesta sección abórdanse, igualmente, as relacións coa tradución e as tecnoloxías e apúntanse outros ámbitos que, sen presentaren un vínculo directo coa dialectoloxía, fomentan a reflexión e achegan novas perspectivas desde as que abordarmos un fenómeno tan complexo como o da variabilidade lingüística.

En conclusión, *Lingua galega e variación dialectal* do profesor Xosé Manuel Sánchez Rei constitúe un contributo de grande valor no marco das investigacións sobre lingüística galega e eríxese como unha obra de referencia no estudo teórico sobre o variacionismo dialectal que, por súa vez, completa as aproximacións anteriores realizadas neste campo. A visión da diversidade dialectal que ofrece este volume é relevante por diversos motivos: primeiramente, permite coñecer en profundidade esta disciplina e axuda para comprender o funcionamento xeral das linguas. En segundo lugar, os datos manexados refutan conceptos lingüísticos universais que aínda se manteñen na sociedade galega actual e, neste sentido, a obra tórnase nunha auténtica defensa do ecolingüismo. En particular, resalta a riqueza e a vitalidade do noso idioma, o que sen dúbida contribuirá para afianzar a autoestima lingüística dos galegos e das galegas. E en terceiro lugar, convén salientarmos que este libro non esgota as liñas de investigación dialectolóxica; ao contrario, ao longo das súas páxinas abre novos vieiros para nos aproximarmos deste fenómeno. En definitivo, recomendamos unha lectura atenta da obra, pois xulgamos que favorecerá a reflexión lingüística sobre o galego e a súa actualización.

*Estefanía Mosquera Castro*

## **Bibliografía**

Callón, C. (2012): *Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez* (Vigo: Xerais).

Costas González, X. H. (2010): *55 mentiras sobre a lingua galega* (Ames: Laiovento).

*Revista Galega de Filoloxía*, ISSN 1576-2661, 2013, 14: 237-242

Data de recepción: 10/04/2013 | Data de aceptación: 13/05/2013

- Fernández Rei, F. (1990): *Dialectoloxía da lingua galega* (Vigo: Xerais).
- Freixeiro Mato, X. R. (2009): *Lingua de Calidade* (Vigo: Xerais).
- Freixeiro Mato, X. R. (2011): “A propósito da publicación de *Lingua galega e variación dialectal*”, *Terra e Tempo*. Dispoñíbel en <http://www.terraetempo.com/artigo.php?artigo=2015&seccion=5>. Consultado en 20/03/2012.
- García Negro, M. P. (ed.) (2009): *Sobre o racismo lingüístico* (Ames: Laivento).
- ILG [Instituto da Lingua Galega] (1990/1995/1999/2003/2005): Atlas Lingüístico Galego. Vol. I. *Morfoloxía verbal*. Vol. II. *Morfoloxía non verbal*. Vol. III. *Fonética*. Vol. IV. *Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico*. Vol. V. *Léxico. O corpo humano* (I) (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).
- Núñez Singala, M. (2009): *En galego, por que non?* (Vigo: Galaxia).
- Saco Arce, J. A. (1868): *Gramática gallega* (Lugo: Imprenta de Soto Freire).
- Sánchez Rei, X. M. (2010): *O Complemento preposicional en galego. Análise desde a gramática de valencias* (A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).